

MATRÍCULA CURSO 2014-15

O alumnado admitido realizará a matrícula no centro aténdose ao seguinte calendario:

- **Do 25 de xuño ó 10 de xullo**, alumnado con promoción **ordinaria en XUÑO**
- **Do 1 ao 10 de setembro**, alumnado con promoción **extraordinaria en SETEMBRO**

PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA (resumo)

Xunto co boletín de notas o alumnado que promociona en xuño recibirá o **SOBRE DE MATRÍCULA**, que se presentará na secretaría do IES Lagoa de Antela a partir do 25 de xuño, achegando a seguinte **documentación**:

1. **Fotocopia do DNI ou do pasaporte** do alumno/a (de non posuír algún destes documentos é preciso presentar copia do libro de familia), así como dos proxenitores ou titores legais.
2. **2 fotografías actuais**, tamaño carné, co nome no reverso.
3. **Impreso autorización de uso da imaxe** debidamente cumprimentado.
4. **Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a alumno/a**.
5. **Fotocopia do Número da Seguridade Social do/a alumno/a (NUSS). (Obrigatorio para todo o alumnado agás os de 1º e 2º da ESO). IMPRESCINDIBLE PARA EFECTUAR A MATRÍCULA.**

Os que non posúan este número deberano solicitar na Tesourería da Seguridade Social no momento de presentar a matrícula, utilizando o modelo **TA.1** e unha copia do DNI.

6. **Taxa do Seguro Escolar** que se aboará na conserxería do centro.
7. Copia compulsada do historial académico ou certificación académica (*a compulsa poderá realizarse no momento da matrícula*).
SÓ PARA ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS NON ADSCRITOS OU DE FORA DA COMUNIDADE.
8. **OUTRA DOCUMENTACIÓN:**
 - a. **Solicitud de AXUDA DE LIBROS DE TEXTO 2014-15** (só alumnado de ESO, non repetidor).
 - b. **Modelo de autodeclaración para o cálculo das taxas do COMEDOR ESCOLAR**, no caso de necesitar utilizar o servizo.
 - c. **Cota anual da ANPA** (Asociación de Nai e Pais de Alumnado): **15,00€ de cota voluntaria**, que se aboará no número de conta indicado no impreso.